



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello das Somozas (Plan PREMADECOR)

ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria celebrada o día 28 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

- “1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello da As Somozas, adoptado na sesión plenaria do 21 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.
2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 31 de outubro de 2022.

O presidente,
Valentín González Formoso

A secretaria,
Amparo Taboada Gil

2022/6864